



Educación Musical

PROGRAMACIÓN ANUAL

CURSO 2020-2021

CEIP BARRANTES- TOMIÑO



ÍNDICE

1.	Introducción e contextualización.....	4
	Introducción.....	4
	Contextualización.....	5
2.	Competencias clave.....	5
	Competencia en Comunicación Lingüística.....	5
	Competencia para Aprender a Aprender.....	6
	Competencia Social e Cívica.....	6
	Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía.....	7
	Competencia Conciencia e Expresións Culturais.....	7
	Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.....	8
	Competencia Dixital.....	8
	Rúbrica para a avaliación das competencias en educación musical.....	9
3.	Obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe.....	10
	3.1 Obxectivos.....	10
	3.2 Contidos.....	14
	3.3 Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.....	21
	Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	27
	Estándares de aprendizaxes consideradas imprescindibles (2019/20).....	30
4.	Temporalización da avaliación.....	36
5.	Actividades e temporalización.....	37
6.	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	38

Procedementos de avaliación	38
Instrumentos de avaliación	39
7. Metodoloxía	39
8. Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto	41
9. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.	43
Táboa de relación entre os elementos da avaliación.....	44
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	67
11. Deseño da avaliación inicial	67
Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.....	67
Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.	67
12. Plans de reforzo e recuperación	69
13. Medidas de atención á diversidade.....	69
14. Actividades complementarias e extraescolares programadas.	70
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.....	71
16. Transición cara unha actividade lectiva non presencial	74

1. Introducción e contextualización.

Introducción

Esta programación foi deseñada seguindo as pautas mencionadas nos seguintes documentos:

- ❖ **Ley Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ❖ **REAL DECRETO 126/2014**, do 28 de Febreiro, que establece o currículo básico en Primaria.
- ❖ **DECRETO 105/2014**, do 4 de Setembro, que establece o currículo de Primaria en Galicia.
- ❖ **Orde do 20 de abril de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ **Orden ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria.

Na lexislación relativa a COVID-19, tomaranse como referencia as instrucións elaboradas pola Xunta de Galicia, listadas a continuación:

- “Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato”.
- “Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo consejo interterritorial do sistema nacional de salud pública (d.o.g no 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de galicia para o curso 2020-2021”.
- “Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Contextualización

CENTRO: CEIP de Barrantes	
EDUCACIÓN MUSICAL	Iván Suárez Prada
CURSOS QUE IMPARTE	1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º de Primaria e 4º, 5º E 6º de Infantil

Trátase dun CEIP dunha soa línea, de tamaño relativamente pequeno no que a número de alumnos se refire; 65 ocupan a etapa de educación primaria e 33 os niveis de educación infantil, o que supón un total de 98 alumnos matriculados no centro. Ubícase nun contexto rural, marcado pola súa localización xeográfica e un impacto significativo da natureza e o sector primario no seu entorno próximo. A lingua vehicular en xeral é o galego, tanto de maneira espontánea como nos intercambios orais. En relación o ámbito musical, o folclore atópase moi arraigado dende as idades tempranas, o que facilita o tratamento dun repertorio local que potencie a música popular galega en tódolos bloques de contenido que contempla o Decreto 105/2014; xa sexa a través do coñecemento de organoloxía, e a aprendizaxe de cancións ou danzas da nosa terra.

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR CURSOS									
Educación Primaria							Educación Infantil		
	1º E.P.	2º E.P.	3º E.P.	4º E.P.	5º E.P.	6º E.P.	4º E.I.	5º E.I.	6º E.I.
<i>Nº de alumnos</i>	10	10	10	15	11	9	8	18	7

2. Competencias clave.

Como esta programación corresponde á programación dunha especialidade, remitímonos ás programacións dos diferentes niveis, onde se incluírán os perfís competenciais referentes en cada curso. A continuación detállase a contribución ás sete competencias clave que contempla o Decreto 105/2014, na área de Educación Musical, e engádense os indicadores a ter en conta no proceso de avaliación competencial nesta disciplina (presentes na rúbrica de avaliación das competencias).

Competencia en Comunicación Lingüística

1. Expresarse con soltura.
2. Realizar comentarios constructivos.
3. Formular preguntas.
4. Empregar a comunicación non verbal.

5. Recoñecer o silencio como factor imprescindible para unha boa comunicación.
6. Coidar e explorar a voz.
7. Traballar distintos idiomas e dialectos.
8. Mellorar a dicción, entonación, expresividade e acentuación.

Indicadores de avaliación: Intercambios orais propios de aula, espazos de debate, expresión oral e interpretación vocal.

Competencia para Aprender a Aprender

1. Participar nas actividades.
2. Coordinarse cos compañeiros.
3. Desenvolver a capacidade crítica.
4. Esforzarse e intentar mellorar.
5. Autoavaliarse.
6. Planificar e organizar o traballo.
7. Preocuparse polo resultado obtido.
8. Solucionar os problemas autónomamente.
9. Motivarse no traballo.
10. Aprender novas técnicas de estudo.
11. Improvisar, crear e experimentar fomentando a confianza e éxito persoal.

Indicadores de avaliación: Capacidade de esforzo persoal na súa vertente dinámica (práctica vocal e instrumental), amosando predisposición por ampliar coñecementos e adquirir habilidades específicas.

Competencia Social e Cívica

1. Traballar en equipo.
2. Crear un bo clima de traballo.
3. Respetar aos compañeiros/as.
4. Asumir responsabilidades.
5. escoitar con atención.
6. Traballar en silencio.
6. Expresarse sen prexuízos.
8. Explorar diversas culturas e folclores.
9. Resolver os conflitos pacíficamente.
10. Coidar o material de aula.

Indicadores de avaliación: Patente na práctica de actividades conxuntas coma as agrupacións instrumentais de aula, o establecemento de roles de traballo, a capacidade para afrontar retos e o diálogo entre iguais.

Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía

1. Traballar conceptos matemáticos.
2. Traballar a medida musical das figuras e as súas equivalencias.
3. A pulsación.
4. Traballar a forma musical.
5. Traballar a xeometría nas danzas.
6. Coidar o propio corpo.
7. Analizar o entorno para eliminar o ruído.
8. Utilizar a reciclaxe na creación de instrumentos.
9. Descubrir a xeografía.
10. Utilizar as Tics.
11. Gravar as propias producións.
12. Concienciarse en valores positivos.

Indicadores de avaliación: Comprensión da linguaxe musical e coñecemento das figuras e os seus valores, establecendo unha capacidade de ordenación e cálculo que favorece a interpretación dos distintos compases traballados e a súa agrupación de pulsos e acentos.

Competencia Conciencia e expresións Culturais

1. Comentar as obras.
2. Expresar os gustos musicais.
3. Empregar as críticas para mellorar.
4. Promover a iniciativa e creatividade.
5. Expoñer os traballos en público.
6. Comprender o valor cultural das expresións artísticas.
7. Adquirir técnica.
8. escoitar diferentes estilos musicais.
9. Crear un repertorio persoal variado.
10. escoitar en silencio.
11. Recoñecer obras de prestixio e populares.
12. Compartir e desfrutar en grupo.

13. Coñecer as bases da linguaxe musical.

Indicadores de avaliación: Coñecemento de aspectos musicais propios de tempos e culturas distintas (organoloxía, xéneros musicais, tipos de agrupacións, nomes importantes, etc.) Recoñecemento de trazos culturais identificativos do noso folclore e música popular, do noso contexto cultural máis próximo e conciencia da importancia da súa conservación e difusión. Importancia sociocultural da música.

Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor

1. Dialogar con corrección.
2. Coidar o material.
3. Mellorar o autoconcepto e autoestima.
4. Participar en todas as actividades.
5. Solucionar os problemas con autonomía e rapidez.
6. Liderar as actividades.
7. Respetar os compañeiros e profesores.
8. Aprender dos erros.
9. Asumir as consecuencias.
10. Desfrutar do traballo.
11. Entender a interacción social.

Indicadores de avaliación: Participación activa nas diferentes propostas didácticas, amosando interese e voluntariedade. Capacidade de improvisación musical.

Competencia Dixital

1. Dominar aplicacións e programas informáticos relacionados con esta disciplina artística.
2. Buscar en Internet conceptos con seguridade.
3. Dominar Blogs e entornos virtuais.
4. Coñecer riscos en Internet.
5. Coidar o material informático.
7. Traballar e experimentar con aplicacións musicais.
8. Entender os dereitos de autor.
9. Aplicar a responsabilidade no traballo na rede.
10. Gravar as propias producións.

Indicadores de avaliación: Emprego de novas tecnoloxías (NNTT) aplicadas nesta disciplina artística.

Rúbrica para a avaliación das competencias en educación musical

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS.

ÁREA: Educación Musical

CURSO:

Competencias: ↗	COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	MATEMÁTICA E CIENCIAS E TECNOLOXÍA	DIXITAL	APRENDER A APRENDER	SOCIAIS E CÍVICAS	SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS
Nome: ↓							

LEENDA:	Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaiñte	(Aclaración)
---------	---------------------	-------------------	------------	----------------	--------------------	--------------

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: Intercambios orais propios de aula, espazos de debate, expresión oral e interpretación vocal.

MATEMÁTICA E CIENCIAS E TECNOLOXÍA: Comprensión da linguaxe musical e coñecemento das figuras e os seus valores, establecendo unha capacidade de ordenación e cálculo que favorece a interpretación dos distintos compases traballados e a súa agrupación de pulsos e acentos.

DIXITAL: Emprego de novas tecnoloxías (NNTT) aplicadas nesta disciplina artística.

APRENDER A APRENDER: Capacidade de esforzo persoal na súa vertente dinámica (práctica vocal e instrumental), amosando predisposición por ampliar coñecementos e adquirir habilidades específicas.

SOCIAIS E CÍVICAS: Patente na práctica de actividades conxuntas coma as agrupacións instrumentais de aula, o establecemento de roles de traballo, a capacidade para afrontar retos e o diálogo entre iguais.

SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR: Participación activa nas diferentes propostas didácticas, amosando interese e voluntariedade. Capacidade de improvisación musical.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS: Coñecemento de aspectos musicais propios de tempos e culturas distintas (organoloxía, xéneros musicais, tipos de agrupacións, nomes importantes, etc.) Recoñecemento de trazos culturais identificativos do noso folclore e música popular, do noso contexto cultural máis próximo e conciencia da importancia da súa conservación e difusión. Importancia sociocultural da música.

3. Obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe.

3.1 Obxectivos

O currículo de referencia na nosa comunidade autónoma non establece obxectivos específicos das diferentes áreas en educación primaria. Para cada nivel educativo, relaciónanse os elementos curriculares propios cos obxectivos de etapa xerais. Porén, remitímonos aos obxectivos de etapa do Decreto 105/2014 do 4 de setembro, onde os propios estándares se poden considerar obxectivos posto que son a finalidade que pretendemos acadar. En liñas xerais, en base ó establecido polo Decreto mencionado con anterioridade e para orientar a función docente, deseñáronse os seguintes obxectivos en cada curso:

PRIMEIRO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.
- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.
- Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.
- Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.
- Iniciarse na linguaxe musical empregando grafías non convencionais.
- Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.
- Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes as calidades do son nunha obra musical.
- Explorar as posibilidades sonoras e musicais do corpo, obxectos e materiais como fonte de son.
- Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións creando un pequeno repertorio musical.
- Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento, favorecendo a creación propia e a improvisación.

- Realizar pequenas coreografías.
- Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

SEGUNDO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.
- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.
- Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.
- Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.
- Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición incorporando un vocabulario máis rico adaptado ao seu nivel.
- Iniciarse na linguaxe musical a través de grafías non convencionais e convencionais.
- Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes as calidades do son nunha obra musical.
- Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.
- Explorar as posibilidades sonoras e musicais do corpo, obxectos e materiais como fonte de son.
- Exercitar as vocalizacións e dicción creando un pequeno repertorio musical.
- Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, corpo e instrumentos.
- Realizar pequenas coreografías.
- Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

TERCEIRO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.

- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario e grupo, empregando a voz e instrumentos.
- Aplicar á practica instrumental os conceptos de linguaxe musical aprendidos.
- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.
- Explorar as posibilidades sonoras dos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Iniciarse no coñecemento e técnica da flauta doce.
- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

CUARTO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.
- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.
- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario e

grupo empregando a voz ou instrumentos.

- Aplicar á práctica instrumental os conceptos de linguaxe musical aprendidos.
- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.
- Explorar as posibilidades sonoras dos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

QUINTO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.
- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons.
- Analizar obras musicais sinxelas para describir os elementos da linguaxe musical presentes nelas.
- Procurar e seleccionar información musical relevante e intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.
- Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
- Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario e grupo empregando a voz ou instrumentos.
- Aplicar á práctica instrumental os conceptos de linguaxe musical aprendidos.
- Participar en producións musicais de xeito desinhibido, pracenteiro, con confianza e respecto.
- Explorar as posibilidades sonoras dos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Empregar as posibilidades expresivas do corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.

- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.
- Improvisar en grupo danzas e explicar o proceso creativo, as dificultades e solución adoptadas.

SEXTO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.
- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas valorando a importancia do seu mantemento para a conservación en difusión do patrimonio cultural.
- Explorar as posibilidades da voz para interpretar, crear e improvisar.
- Interpretar composicións en solitario e grupo, coa voz e instrumentos.
- Asumir e cumprir coas funcións e responsabilidades propias de cada actividade grupal.
- Aplicar á practica instrumental os conceptos de linguaxe musical aprendidos.
- Explorar as posibilidades sonoras dos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza para gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.

3.2 Contidos.

A continuación detállanse os contidos que contempla o Decreto 105/2014 para cada nivel educativo na disciplina de Educación Musical, conservando a súa distribución nos diferentes bloques. En liñas xerais, cada bloque cumpre unhas determinadas premisas:

BLOQUE 1. ESCOITA: Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons e do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na

audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL: O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas que componen o grupo e a autoavaliación con intención de mellorar.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

1º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
- B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas
- B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.
- B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.
- B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).
- B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica.
- B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.
- B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.
- B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- B2.4. Interpretación e memorización de ladafiñas e cancións ao unísono.

- B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.
- B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.
- B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.
- B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- B2.9. Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.
- B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
- B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.
- B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

2º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.
- Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.
- B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.
- B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.
- B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.
- B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.
- B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).
- B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais
- B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.
- B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.
- B1.15. Forma musical: repetición e contraste.
- B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.
- B1.17. Pulso e acento. Compás binario.

- B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.
- B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono.
- B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.
- B2.6. Interpretación e memorización de ladañas e cancións ao unísono.
- B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.
- B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con graffas non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional
- B2.9. Notación musical e graffas non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.
- B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.
- B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.
- B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
- B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.
- B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.
- B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

3º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- B1.2. Asistencia a algunha representación musical.
- B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
- B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
- B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- B1.7. Acento e pulso.
- B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.

- B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).
- B1.10. Compases binarios e ternarios.
- B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.
- B2.2. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.
- B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.
- B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.
- B2.5. Dobre barra e DC.
- B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.
- B2.7. Ditados melódicos sinxelos.
- B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
- B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- B2.10. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- B2.12. Construción dun instrumento.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
- B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
- B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

4º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.
- B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.
- B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.
- B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
- B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- B1.7. Acento e pulso.
- B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).
- B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).
- B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
- B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).
- B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.
- B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.

- B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.
B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.
B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.
B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.
B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.
B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.
B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.
B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.
B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.
B2.11. Invención e construción dun instrumento.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

5º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.
B1.2. Asistencia a representacións musicais.
B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
B1.4. Acento e pulso.
B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).
B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.
B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.
B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).
B1.11. Instrumentos doutras culturas.
B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.
B1.13. Melodías con cambios de compás.
B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.
- B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.
- B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.
- B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.
- B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.
- B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.
- B2.7. Proxecto: concerto ou musical.
- B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- B2.10. Invención e construción dun instrumento.
- B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVIMENTO E A DANZA

- B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
- B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
- B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
- B3.5. Proxecto: certame de danza.

6º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.
- B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.
- B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.
- B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.
- B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.
- B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.
- B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.
- B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.
- B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.
- B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.
- B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.
- B2.5. Utilización das graffas convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.

- B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.
- B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.
- B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.
- B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.
- B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.
- B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.
- B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.
- B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.
- B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.

3.3 Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

De seguido, móstrase os citados estándares de aprendizaxe para cada nivel educativo:

1º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
- EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.
- EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
- EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
- EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
- EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
- EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
- EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
- EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
- EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
- EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
- EMB2.3.4. Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafa.
- EMB2.3.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafa.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
- EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
- EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
- EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
- EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

2º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

- EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
- EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.
- EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
- EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.
- EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.
- EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
- EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
- EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
- EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.

EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.

EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.

EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.

EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.

EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.

EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.

EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.

EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

3º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.

EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.

EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.

EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.

EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.

EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.

EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.

EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.

EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.

EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.

EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

4º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.

EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.

EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.

EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.

EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.

EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.

EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.

EMB1.4.3. Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas.

EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.

EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.

EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.

EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.

EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.

EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.

EMB2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVIMENTO E A DANZA

EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.

EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.

EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.

EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.

EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.

EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.

EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.

EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.

EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.

EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.

EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).

EMB1.5.3. Procura información, organiza e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.

EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.

EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.

EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.

EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.

EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.

EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.

EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar

EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafas convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.

EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.

EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.

EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.

EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio

artístico e cultural.

EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.

EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.

EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.

EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.

6º CURSO

BLOQUE 1. ESCOITA

EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.

EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.

EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.

EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreáas.

EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.

EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.

EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.

EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.

EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.

EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.

EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.

EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.

EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.

EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

O **grao mínimo de consecución** dos diferentes estándares de aprendizaxe para lograr a calificación positiva corresponderanse cos que establece o Decreto 105/2014, sendo ésta a referencia necesaria para superar a materia de forma ordinaria (medidas específicas de apoio ANEAE e ACS serán valoradas particularmente). Para superar a materia deberanse acadar como mínimo o 50% da media ponderada asociada ós criterios de calificación de cada estándar de aprendizaxe. Este epígrafe atópase detallado no apartado “Criterios de avaliación e de cualificación e promoción” deste mesmo documento.

De maneira orientativa, podemos apuntar uns **mínimos esixibles en cada nivel educativo**.

PRIMEIRO

Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.

Recoñecer os erros e autocorrexirse.

Respectar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.

Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.

Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.

Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.

Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e impresións sentidas na audición.

Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes as calidades do son nunha obra musical.

Explorar as posibilidades sonoras e musicais do corpo, obxectos e materiais como fonte de son.

Exercitar as vocalizacións e interpretacións creando un pequeno repertorio musical.

Favorecer a creación propia e a improvisación.

Realizar pequenas coreografías.

Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

SEGUNDO

Diferencia os sons da natureza.

Explora as distintas posibilidades sonoras da voz.

Comenta con criterio as calidades dos sons, altura, intensidade, duración e timbre.

Identifica a relación entre o ritmo e a linguaxe musical.
Interioriza diversas partes da canción sen perder a pulsación.
Canta cancións afianzando unha boa respiración, articulación, entoación e expresión.
Aplica a técnica propia dos instrumentos traballados.
Realiza sinxelos dictados rítmicos.
Coñece a escala e canta afinadamente as notas.
Explora o son de diferentes obxectos e instrumentos.
Clasifica os instrumentos en familias.
Improvisa pequenos fragmentos cos instrumentos.
Interpreta danzas sinxelas mellorando a coordinación.
Respecta e valora o silencio e a atención nas situacións concretas de cada actividade.
Mostra interese e respecta as creacións dos compañeiros.

TERCEIRO

Interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos.
Coñece as posibilidades sonoras e musicais da voz.
Manifestar as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza.
Participa nas audicións activas.
Identifica, clasifica e describe, utilizando un vocabulario preciso, as calidades dos sons.
Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de dinámicas audicións.
Coñece exemplos de obras variadas da nosa cultura e valorar o patrimonio histórico musical.
Coloca as notas no pentagrama.
Clasifica instrumentos por familias.
Traduce á linguaxe musical convencional ritmos sinxelos
Aplica a linguaxe musical á interpretación vocal e instrumental.
Domina a articulación e a dixitación na frauta, e interpreta pequenas obras.
Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

CUARTO

Canta as cancións propostas cunha técnica adecuada e coidado vocal.
Goza en grupo coa interpretación de cancións mellorando a técnica e expresividade.
Transcribe esquemas melódicos ao pentagrama coas notas traballadas.
Realiza dictados musicais.
Crea pequenos ritmos e melodías.

Interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais utilizando a linguaxe musical.
Clasifica instrumentos e agrupacións musicais.
Discrimina determinados instrumentos que interveñen nunha audición.
Recoñece a estrutura formal das obras musicais traballadas.
Coordina o xesto e o movemento co contexto musical.
Amplía a tesitura da frauta.
Goza da experiencia que supón facer música en grupo.
Respecta as manifestacións artístico-musicais de culturas tanto autóctonas como foráneas.

QUINTO

Interpreta cancións e melodías coa voz e instrumentos coordinándose en grupo.
Esfórzase por entoar ao cantar de forma individual ou en grupo.
Recoñece, identifica, nomea e clasifica os sons analizando as súas calidades.
Describe audicións e representacións musicais con vocabulario progresivamente máis preciso.
Representa melodías e ritmos con notación convencional e non convencional.
Le partituras para acompañar pezas musicais e para interpretar pezas vocais e instrumentais.
Crea unha coreografía para acompañar unha peza musical.
Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e instrumentos.
Interpreta danzas, con maior coordinación dentro do grupo.
Mostrar interese por aprender e valora a riqueza cultural artística.
Realiza dictados rítmicos.

SEXTO

Interpreta as cancións expostas.
Entona e recita coidando a respiración, a articulación, a afinación e o fraseo musical.
Aprecia o valor dunha obra musical e comenta aplicando un vocabulario axeitado ao seu nivel.
Asocia correctamente a percepción auditiva coa expresividade corporal e instrumental.
Diferencia as obras e os estilos musicais expostos.
Recoñece auditivamente cada parte das obras expostas.
Improvisa pequenas composicións.
Interpreta a linguaxe musical exposta coidando o rigor e os aspectos expresivos que o integran.
Interpreta correctamente as pezas musicais vocais e instrumentais rítmicas e melódicas.
Coordina ritmos e movemento.
Utiliza a frauta con técnica e expresividade.

Manexa aplicacións informáticas e editores de son.

Interpreta unha coreografía grupal de xeito coordinada xunto cos seus compañeiros.

Estándares de aprendizaxes consideradas imprescindíbeis (2019/20)

No terceiro trimestre do curso 2019/20, seguindo as “Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia” realizáronse diversas modificacións na programación derivadas da situación excepcional motivada polo COVID-19, tal e como se reflexa no documento de “Adaptación da Programación Didáctica. Curso 2019/2020”, establecendo a criterio docente os aprendizaxes imprescindíbeis para esta etapa de educación non presencial. Expóñense a continuación os estándares de aprendizaxe e as súas competencias asociadas, especificadas por nivel educativo e en formato de táboa.

1º E.P.- Estándares de aprendizaxe e competencias <u>imprescindíbeis</u>		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C.C.
Estándares competenciais		
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	1º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CCEC CD
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	1º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	1º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CCEC CD
Estándares interpretación instrumental e vocal (Bloque 2)		
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	1º-EMB2.3.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCT
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	1º-EMB2.3.5 - Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
Estándares educación auditiva (Bloque 1)		
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na	1º-EMB1.4.1 - Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL CCEC

audición.		
Estándares corpo e danza (Bloque 3)		
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	1º-EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC
Estándares de linguaxe e cultura musical		
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	1º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	CCEC CAA
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	1º-EMB2.3.3 - Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	CCEC CAA CMCT

2º E.P.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindíbeis

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C.C.
Estándares competenciais		
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	2º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.	CCEC CD
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	2º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	2º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CCEC CD
Estándares interpretación instrumental e vocal (Bloque 2)		
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	2º-EMB2.3.1 - Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC CSC
B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	2º-EMB2.4.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	CCEC CMCT
	2º-EMB2.4.4 - Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	CCEC CAA
Estándares educación auditiva (Bloque 1)		
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	2º-EMB1.4.1 - Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	CCL CCEC
Estándares corpo e danza (Bloque 3)		
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	2º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC CSC
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	2º-EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	CCEC
Estándares de linguaxe e cultura musical		
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente	2º-EMB1.3.1 - Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.	CCEC CAA

autoría.		
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	2º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	CCEC CAA
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	2º-EMB1.6.1 - Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	CCEC

3º E.P.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindíbeis

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C.C.
Estándares competenciais		
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	3º-EMB2.1.4 - Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.	CSC
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	3º-EMB2.2.2 - Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
Estándares interpretación instrumental e vocal (Bloque 2)		
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	3º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CSC
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	3º-EMB2.3.1 - Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CAA CD CCEC
	3º-EMB2.3.2 - Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCE CAA
Estándares educación auditiva (Bloque 1)		
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	3º-EMB1.1.2 - Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
	3º-EMB1.1.4 - Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	CAA CCEC
Estándares corpo e danza (Bloque 3)		
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	3º-EMB3.1.1 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CAA
	3º-EMB3.1.2 - Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCT
Estándares de linguaxe e cultura musical		
B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	3º-EMB1.4.1 - Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en	3º-EMB2.1.1 - Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA

grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.		
---	--	--

4º E.P.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindíbeis

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C.C.
Estándares competenciais		
B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	4º-EMB1.4.3 - Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA CSIEE CD
B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.	4º-EMB1.5.4 - Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.	CCEC CD
Estándares interpretación instrumental e vocal (Bloque 2)		
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	4º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	CCEC CAA CSC
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	4º-EMB2.3.1 - Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD CAA CSIEE
Estándares educación auditiva (Bloque 1)		
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	4º-EMB1.1.4 - Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCEC CAA
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	4º-EMB1.3.1 - Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA
Estándares corpo e danza (Bloque 3)		
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	4º-EMB3.1.1 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.	CCEC
	4º-EMB3.1.2 - Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCECCAA CMCT
Estándares de linguaxe e cultura musical		
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	4º-EMB1.3.3 - Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCT
B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	4º-EMB1.4.2 - Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	CCEC CAA
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou	4º-EMB2.1.1 - Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC CAA

instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.		
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	4º-EMB3.2.2 - Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CAA CCL CCEC

5º E.P.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindíbeis

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C.C.
Estándares competenciais		
B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	5º-EMB1.4.1 - Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. 5º-EMB1.4.3 - Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.	CAA CD CSIEE CSIEE CCL CD
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	5º-EMB1.5.3 - Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA
Estándares interpretación instrumental e vocal (Bloque 2)		
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	5º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CCEC CAA
B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	5º-EMB2.2.4 - Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	CCEC CAA
Estándares educación auditiva (Bloque 1)		
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	5º-EMB1.1.2 - Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	5º-EMB1.3.1 - Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	CCEC CAA CCL
Estándares corpo e danza (Bloque 3)		
B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.	5º-EMB3.1.1 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CSC
	5º-EMB3.1.2 - Inventa e reproduce pequenas coreografías que	CCEC

	corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CAA CMCT
Estándares de linguaxe e cultura musical		
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen	5º-EMB1.3.3 - Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCT
	5º-EMB1.3.4 - Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC
B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	5º-EMB1.6.1 - Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	5º-EMB3.2.2 - Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC CSC
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	5º-EMB2.1.2 - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	CCEC CAA

6º E.P.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindíbeis

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	C.C.
Estándares competenciais		
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	6º-EMB2.3.1 - Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC CAA CD
	6º-EMB2.3.2 - Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA CD CCL
Estándares interpretación instrumental e vocal (Bloque 2)		
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	6º-EMB2.2.4 - Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CAA CCEC
	6º-EMB2.2.5 - Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA CCEC
Estándares educación auditiva (Bloque 1)		
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	6º-EMB1.2.1 - Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	CCEC CAA CCL
Estándares corpo e danza (Bloque 3)		
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	6º-EMB3.1.1 - Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CAA CCEC
	6º-EMB3.1.5 - Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	CAA CCEC
Estándares de linguaxe e cultura musical		

B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	6º-EMB1.2.2 - Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	CSIEE CAA CCEC
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	6º-EMB2.2.2 - Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	6º-EMB3.1.3 - Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural	CCEC

4. Temporalización da avaliación.

Avaliación inicial / diagnóstica: serve como punto de partida para a planificación do profesorado, buscando adaptar as actividades aos coñecementos previos e ao nivel de desenvolvemento do grupo. Realízase nas UD iniciais dentro de cada bloque de contido, e naquelas que sexan contextualizadas ou traballen en maior ou menor medida un tema específico. Os resultados rexístranse no ficheiro individual de cada alumno (I1), e establecerán as bases para cuantificar o seu progreso. Será un claro indicador das medidas de atención á diversidade que adoptaremos. Cobra especial relevancia neste curso académico, debido a flexibilización curricular acontecida o ano pasado, cómpre retomar os contidos de maneira gradual e con dificultade progresiva.

Avaliación formativa: de carácter continuo, implica a análise da eficacia do proceso de ensino; rexistrando as estratexias cognitivas dos alumnos, os seus progresos e dificultades para establecer os mecanismos necesarios para a súa corrección. O reforzo pedagóxico basearase na observación e deseñarase seguindo os criterios establecidos nos diferentes métodos pedagóxicos.

Avaliación sumativa: úsase ao final de cada proceso de ensino, o seu propósito é determinar o grao de consecución dos obxectivos de aprendizaxe por parte dos estudantes e situalo nunha escala de cualificación coñecida. A súa elaboración coincidirá coas avaliacións escolares e basearase nos criterios de cualificación establecidos neste mesmo documento.

Autoavaliación discente: empregando instrumentos de avaliación como debate en grupo, ou menos explícito na nas actividades prácticas, os estudantes poden determinar o seu nivel de rendemento tomando como referencia o desenvolvemento colectivo.

5. Actividades e temporalización.

A continuación amósase un plan cronolóxico xeral, suxeito a posibles modificacións temporais en resposta do ritmo do grupo ou proxectos de centro. Este plan será conxunto para os diferentes niveis educativos, se ben é certo que realizaranse as adecuacións de contidos e metodoloxía pertinentes para garantir un aprendizaxe significativo en cada unha das etapas.

1º TRIMESTRE.

- Introducción as grafías propias da linguaxe musical (convencionais e non convencionais).
- Presentación e recoñecemento das cualidades do son. Discriminación auditiva.
- As notas da escala.
- Pequena percusión IPAI.
- Introducción a flauta dulce (técnica dos sonocolores).
- Principais figuras rítmicas.
- Coreografías e danzas baseadas na percusión corporal.
- Música galega relacionada coa festividade do Nadal (panxoliñas).

2º TRIMESTRE.

- Elaboración de cotidiáfonos (mirlitones) pola festividade do Carnaval.
- Xénero da batucada.
- Música programática. Elaboración de relatos e contos sonoros.
- Recoñecemento das diferentes acentuacións propias dos compases musicais.
- Danzas do mundo.

- Percusión de altura determinada (IPAD).
- Musicogramas e recoñecemento da estrutura dunha obra musical sinxela.

3º TRIMESTRE.

- Música e emocións.
- A escala pentatónica.
- Improvisación.
- Familias de instrumentos.
- Música e electrónica. Tratamento e composición do son.
- Preparación do festival de fin de curso.

6. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos de avaliación

Observación sistemática: baseada na recollida de datos do alumno no transcurso das sesións, nos que se rexistran periodicamente os seus traballos, avances e observacións a nivel aula.

Análise das producións dos alumnos/as: coa finalidade de facer un seguimento do traballo persoal de cada discente, será competencia docente recoller as súas producións artísticas (tanto materiais como expresivas) coa finalidade de valoralas e emitir unha calificación numérica.

Intercambios orais cos alumnos/as: técnica de observación directa que permite establecer o punto de coñecementos previos do grupo ou individuo, para poder adecuar as propostas didácticas a súa zona de desenvolvemento próximo de forma interactiva.

Gravacións e análise: De ser o caso, certas producións musicais como concertos escolares ou fruto das actividades levadas a cabo na aula poden ser gardadas en formato multimedia para o seu visionado posterior.

Cuestionarios: Proba escrita de carácter individual baseada no tratamento de conceptos teórico-prácticos adecuados o nivel educativo mediante a realización de fichas ou elaboración de materiais.

Instrumentos de avaliación

Lista de control/cotexo: cada un dos estudantes terá un espazo persoal dentro dun libro conxunto denominado “*Libro de comportamento*”, situado na aula de música nun lugar visible onde eles mesmos rexistrarán a súa actitude nas diferentes sesións.

Caderno do profesor: estruturado por sesións, recollerá as notas de campo elaboradas polo profesor e contidos relacionados co rexistro anecdótico. Será unha ferramenta moi útil para a autoavaliación do profesorado, xa que rexistrará a actitude do grupo e as incidencias ante as tarefas propostas.

Caderno de clase: cartafol persoal onde cada alumno almacenará os diferentes materiais didácticos e o traballo preparado nas sesións para ser avaliado.

Rúbrica analítica: guía de puntuación organizada en forma de táboa, que ofrece unha avaliación detallada do rango de rendemento persoal/grupal, mostrando cales son os indicadores ou criterios que cada alumno/ grupo superou e en que grao.

Posta en común - Asamblea: presentación de conceptos, análise desde unha perspectiva crítica e argumentación de opinións.

Produccións musicais: trátase dunha proba práctica, grupal ou individual. Actividades como a práctica vocal / instrumental, a improvisación, o movemento e a danza.

Produccións orais: no relativo o intercambio de coñecementos e opinións, sa sexa entre o docente e o grupo nun esquema de pregunta e resposta ou tamén solventando determinadas cuestións a modo de tutoría entre iguais.

7. Metodoloxía.

A metodoloxía queda supeditada na práctica, en liñas xerais, ao protocolo de actuación do centro e as medidas establecidas pola Consellería de Educación no documento “Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato”

O **modelo de aprendizaxe** a empregar está baseado nunha aprendizaxe significativa, dende o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica (Ausubel, 2002). A partir dos coñecementos previos dos estudantes, o contido desenvólvese dun xeito adecuado á súa área de

desenvolvemento próximo, de xeito que a posibilidade de construír novas aprendizaxes depende do aprendido xa. Baséase nos seguintes principios:

- **Aprendizaxe guiada por descubrimento:** o profesor desempeña o papel de facilitador da aprendizaxe, inducendo aos alumnos a tirar as súas propias conclusións extraídas da experimentación.
- **Aprendizaxe en espiral:** consiste en retomar elementos periódicamente traballados para establecer unha interconexión directa e evitar romper a curva de memoria.
- **Aprendizaxe por proxectos:** baseada no enfoque de situacións contextualizadas complexas, que os estudantes intentan resolver de xeito creativo, empregando o desenvolvemento de competencias e baseándose na súa propia experiencia.
- **Método científico** (adaptado): especialmente útil en tarefas como a recollida de información na investigación de campo.

No tocante os **métodos pedagógico-musicais**, a liña de intervención escollida foi a utilización dunha metodoloxía específica por ámbitos; onde a aplicación combinada de métodos pedagógico-musicais do século XX considérase de maneira transversal nos diferentes bloques de contido, dando así resposta ás necesidades dunha realidade educativa específica. Amósase a continuación:

BLOQUE 1- escoita.

Realización de esquemas formais/musicogramas, típicos da metodoloxía Orff-Wuytack para o seguimento da audición musical. A estimulación sensorial mediante a audicións ambientais, técnica propia da metodoloxía Martenot, xunto cos ditados de intensidades. Selección de repertorio popular considerando as achegas do método Kodaly. Traballo no desenvolvemento auditivo seguindo a pedagogía de E. Willems, baseada no uso de materiais e obxectos sonoros diversos para realizar emparellamentos tímicos, actividades de localización da fonte de son mediante a percepción auditiva e cancións de intervalos.

BLOQUE 2 - Interpretación musical.

Importancia da metodoloxía Orff ao tratar a práctica instrumental coa orquestra escolar Orff, a prosodia rítmica aplicada á linguaxe musical e a improvisación en pentafonía seguindo o esquema de pregunta-resposta. Uso da técnica dos sonocolores de S. Aschero para a interiorización das notas que conforman a escala. Recúrrese a metodoloxía de E. Willems ao empregar o xogo como recurso de aprendizaxe, coñecer as notas pola súa altura e nome real ou usar o bigrama como introdución á clasificación das alturas do pentagrama. J. Wuytack, pola

